

Unha farsa con catro actores

Carlos Taibo

Martes, 08 de Febreiro do 2011



FOTO: ISMAEL DÍAZ POBLET

O acordo que os sindicatos maioritarios e o Goberno acaban de alcanzar estaba cantado. Só os máis cegos, ou os máis ilusos, conservaban a esperanza de que eses sindicatos, coa súa triste traxectoria de decenios, mantivesen acesa a chama da independencia e da contestación. Asumamos de bo grado que cando menos as cousas fican claras, moi claras, aos ollos de quen preferiron ignorar a realidade durante meses. Se xa tiraran pola borda calquera ilusión no que fai á vocación progresista –que palabra máis gastada– do Goberno, agora xa saben a que aterse no que se refire a CCOO e UXT. Non parece, ao cabo, que a fanfarria retórica que nos acosa, ben endulzada dende os medios de comunicación, estea chamada a enganar a ninguén: os acordos ultimados responden puntillosamente aos intereses e ás prácticas empresariais que nos conduciron a un escenario de crise sistémica. Sobran os motivos para adiantar, iso si, que ante a obscena

reaparición dos mesmos mecanismos que nos conduciron á crise, virán novas reformas desregulamentadoras.

Interésame prestar atención nestas liñas a catro instancias que quedaron mal paradas de resultas do acordo que hoxe nos ocupa. A primeira delas non é outra, claro, que os sindicatos maioritarios, ao parecer máis interesados en manter saneadas as súas contas que en preservar unha credibilidade que está baixo mínimos dende hai moito. Non hai que ir moi lonxe para explicar por que as cúpulas dirixentes de CCOO e UXT acataron aquilo que sempre dixeron que rexeitarían. Se, por unha banda, eses sindicatos son alicerces fundamentais do sistema realmente existente –que pouco sabe respecto diso, por certo, a dereita ultramontana–, pola outra a súa dependencia financeira con respecto ás arcas públicas cancelou calquera horizonte de contestación e combate. Hai quen se sentirá tentado de agregar, con encomiábel inxenuidade, que os sindicatos asumiron, a pesar de todo, un exercicio de responsabilidade, non en balde remataron por acatar o que non lles gustaba para evitar males maiores como os que se derivarían dun rescate exterior da economía española. Que curioso xeito de razoar é este. Por unha banda esquívase que quen profire a ameaza –o Goberno– é responsábel dunha tolerancia sen límites con respecto a intereses privados que teñen nestas horas unha clara plasmación: un formidábel retroceso do gasto social orientado a facer fronte ás secuelas dunha especulación desbocada durante anos. Pola outra se nos dá a entender, fraudulentamente, que o acordo ultimado non implica, ao seu xeito, o mesmo que o que carrexará un programa de rescate da economía española, por riba de ningún xeito descartábel. Cantos cartos se aprestan a recibir, por baixo da mesa, CCOO e UXT polos servizos prestados?

Son moitos os amigos que me reprochan que siga prestando atención ao que acontece en Esquerda unida (EU) cando –din– o mellor sería pasar páxina. Case tantos como os que, en EU, consideran que teño unha inquina patolóxica contra a súa organización. Se a estas alturas aínda me interesa o que acontece na coalición de esquerdas, iso é así por unha razón sinxela e confesábel: acho que nela hai moitas persoas moi valiosas que merecen outra cousa. A esas persoas debo sinalarlles o que nesta hora resulta evidente: EU quedou co cu ao aire. Somos moitos os que avisamos de que CCOO e UXT eran malos compañeiros de viaxe. Hoxe o argumento sae manifestamente fortalecido, e non poden producir senón estupor os intentos da dirección de EU no sentido de exculpar do ocorrido a eses dous sindicatos. Nun escenario no que as mudanzas, aparentemente radicais, rexistradas na coalición nos últimos anos anunciaban algo novo, non cabe senón certificar a quebra técnica dun proxecto patético: o encamiñado a moderar o discurso propio coa vista posta en atraer, dende perspectivas estritamente socialdemócratas e vía unha concisa defensa do noso maltreito Estado do benestar, a segmentos importantes do electorado socialista co respaldo máis ou menos obvio de CCOO e UXT –na xerga de Esquerda Unida seguen presentándose, inopinadamente, como “os sindicatos de clase”. Hai unhas semanas escoitei como unha dirixente de EU sinalaba que o acceso de Fernández Toxo á dirección de CCOO era un proceso paralelo ao representado pola irrupción de Lara na de Esquerda Unida. A frase ten hogano un significado ben distinto daquel que invocaba quen a enunciaba...? Para cando a rebelión dunha militancia de base que con certeza viu con estupor como EU non convocaba as manifestacións dos últimos días contra o pensionazo, por entender que carrexaban críticas a CCOO e UXT, e nestas horas vese na obriga de dar marcha atrás para mirar de esguello a quen contemplabamos atónitos a futilidade do empeño dunha dirección que

nos feitos, e se a razón máis elemental se impón, se autoinlolou?

Tampouco está nas súas mellores horas a pléiade de “economistas antineoliberais” –que curiosa linguaxe esta, tan sagaz como encubridora– que defenderon proxectos diferentes dos avalados polos nosos gobernantes. Non se trata de discutir a honradez nin o talento destas xentes. Trátase de preguntarse, iso si, se non farían ben en envorcar unha e outro en proveito de causas máis xustas. Incapaces de transcender os conceptos míticos que nacen da súa disciplina –e entre eles, en lugar singular, o crecemento e a produtividade–, a súa respetabilísima defensa dos Estados do benestar non parece tomar nota en grao algún dunha crise ecolóxica que despunta por todas partes e que –temo– sitúa no baleiro boa parte das súas reflexións. Non é iso, con todo, o que hoxe fai que estes amigos se atopen en situación delicada, senón o seu xeral respaldo dos últimos meses –algunha excepción hai, por fortuna– ás cúpulas de CCOO e UXT, comunmente acompañada de sisudas descualificacións de quen, que menos, invitaban á cautela. Compostos e sen noiva.

Vaia o meu último comentario para deixar constancia dun interese persoal: o de observar como algún que outro medio progresista vai lidar cos escollos que colocou diante de si mesmo. Estou a pensar, en singular, no diario Público, que de sempre ignorou que existían outras forzas sindicais, e outros discursos, á marxe de CCOO e de UXT –“os sindicatos”, na xerga utilizada por ese xornal. Agora que as críticas vertidas por eses medios contra algúns elementos dos plans económicos do Goberno, sempre moi ponderadas, xa non contan co civilizado aval dos sindicatos maioritarios, ábrese neses circuítos algún horizonte que non sexa a loa unánime da bondade dos nosos gobernantes?.

+INFO: www.carlostaiibo.com



SOBRE O AUTOR OU AUTORA:

Profesor de Ciencia Política na Universidade Autónoma de Madrid.

[Ler máis >>](#)

Carlos Taibo